

	Concello de Ferrol ORGANIZACIÓN Registro	O/A Xefe/a Registro Xeral
23 NOV 2015		
ENTRADA		
Registrado ó núm.		
Páseselle ó negociado		

MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DE FERROL EN COMÚN-FeC, DO PSdG-PSOE E DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-BNG, POLA QUE SE INSTA A ANULACIÓN DO VETO IMPOSTO POLO CNI Ó TRABALLADOR DE NAVANTIA-FERROL, XAQUÍN GARCÍA SINDE, POLAS SÚAS IDEAS E ACTIVIDADES POLÍTICAS LÍCITAS.

Os Grupos Municipais de Ferrol en Común-FeC, do Partido Socialista de Galicia-PSdeG e do Bloque Nacionalista Galego-BNG presentan, a través dos seus respetivos voceiros, e ao abeiro do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e co artigo 97.2 do vixente Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a seguinte Moción ao obxecto de ser incluída na orde do día do Pleno Ordinario do vindeiro xoves 26 de novembro de 2015 e debatida no mesmo coa seguinte

Exposición de motivos:

O día 13 do presente, Xaquín García Sinde, veciño da nosa cidade, recibiu unha resolución do Centro Nacional de Inteligencia na que se lle prohíbe que desenvolva determinadas tarefas profesionais en Navantia.

En dita resolución, o CNI tamén explica o motivo do seu veto: “El Sr. García Sinde ha demostrado una continuada participación en organizaciones y grupos cuyo ideales defienden una estrategia revolucionaria: de clase, anticapitalista e internacionalista. Si bien esta participación es lícita, se considera discordante con la protección de la información clasificada que el Ministerio de Defensa español cede a la industria para sus desarrollos armamentísticos”.

É dicir, o Estado veta a un traballador polo mero feito de profesar determinadas IDEAS, a pesar de que a propia resolución reconece que as súas actividades políticas son LÍCITAS.

En Ferrol, cidade moi destacada na loita pola conquista das liberdades democráticas, esta resolución do CNI trae á memoria o acontecido en épocas pasadas, cando os traballadores da Bazán significados na oposición ao réxime tiñan prohibido o acceso ós buques militares.

Cando xa pasaron cuarenta anos desde a morte do ditador, é grave que o Estado volva a considerar a unha persoa como un risco para a seguridade (o que o equipara cun sospeitoso de terrorismo, espionaxe ou sabotaxe) polo mero feito de ter unhas determinadas ideas e realizar actividades políticas no marco da lei.

Por todo o anteriormente exposto, os Grupos Municipais de Ferrol en Común-FeC, do Partido Socialista de Galicia-PSdeG, e do Bloque Nacionalista Galego-BNG propón ao Pleno da Corporación municipal a aprobación dos seguintes acordos:

MOCIÓN

- O pleno do Concello de Ferrol reprobou a actuación do CNI vetando a un traballador por razóns exclusivamente ideolóxicas.
- O pleno do Concello de Ferrol rexeita que un organismo do Estado volva a considerar a un cidadán como un risco para a seguridade simplemente polas súas ideas e por realizar actividades políticas no marco da lei.
- O pleno do Concello de Ferrol insta ó Goberno a anular inmediatamente a resolución do CNI e a ditar a concesión da Habilitación Persoal de Seguridade a Xaquín García Sinde, dado que a motivación do CNI para denegarlle é antidemocrática e impropia dunha democracia.
- Das anteriores resolucións, o Concello dará conta ó Parlamento de Galicia, á Xunta de Galicia, ó Congreso dos Deputados e ó Goberno do Estado.

En Ferrol a 23 de novembro do 2015.



Asdo: Álvaro Montes
Voceiro do Grupo Municipal de FeC



Asdo: Beatriz Sestayo
Voceira do Grupo Municipal Socialista



Asdo: Iván Rivas
Voceiro do Grupo Municipal do BNG

ILMO.SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FERROL